

DIRECCIÓN XERAL XUSTIZA

Rúa Madrid, 2-4, 2º andar – Pol.Fontiñas
15781 Santiago de Compostela

Despois dunha visita deste sindicato ao Rexistro Civil Exclusivo de Vigo se nos trasladou, por parte das traballadoras/es que, pese a ser funcionarios da Administración de Xustiza en Galiza con destino en Vigo, se atopan que moitas veces non teñen onde aparcar nas proximidades do novo emprazamento do rexistro, sobre todo cando chegan despois do horario, por exemplo, por ter que ir ao médico, etc.

Entendemos que na Cidade da Xustiza contamos con prazas suficientes para que as funcionari@s do rexistro civil poidan aparcar tamén, se o consideraran necesario, a propósito de que este servizo e as súas traballador@s seguen integrados na Administración de Xustiza.

Para máis inri, entendemos que si se facilitara o anterior, liberaría aparcadoiro para os cidadáns que queiran acceder ao rexistro civil para facer as súas xestións.

Por todo o exposto solicitamos que por parte desa Dirección Xeral se permita que os funcionarios pertencentes ao Rexistro Civil Exclusivo de Vigo poidan utilizar o aparcadoiro da Cidade da Xustiza, isto tamén foi xa petitionado por varios traballadores/as pertencentes ao Rexistro Civil exclusivo de Vigo.

En Vigo na data da sinatura.